



### ELA, UNHA MOZA CHINESA

*Ela, unha moza chinesa*; ao seu carón lemos «unha odisea íntima e persoal». Porque esta é a historia dunha longa loita dende o minuto un de pantalla.

E tamén pronto é doado aliarse á suavidade dun rostro que pensa, sente, decide e resiste entre as luces e sombras que recibe.

Unha rapariga que, por momentos, parece latexar na banda sonora, leal compañeira dela e nosa, pois mestúranos nunha electricidade de chíos presos na gorxa dunha calella, ou nun bombeo de ceos nocturnos, sen distraerse coas cabichas.

Porque Li Mei ansía saír dunha nai impositiva, da penuria familiar e dun traballo sen máis horizonte que regular e cobrar as quendas do billar dunha vila perdida.

Ao lonxe albisca unha ponte por cruzar, sen intuír as selvas de factorías e bestas combustionadas da violencia que aldraxa toda dignidade: íntima, vivencial, salarial, feminina...

Daquela, non quereremos baixarnos desta vida, para crer que unha muller ferida é quen de refacerse... Sen dúbida, unha soidade marcada, pero «enérxica».

Outros mundos do mundo.

### SINOPSE

A directora XIAOLU GUO obtivo certa sona internacional como novelista, con títulos como *Breve diccionario de inglés-chinés para namorados*, que contén elementos autobiográficos. Estructura este drama como se fose un libro de contos, rodado cun ar de documental. Parte dun retrato interesante da China rural e mais do choque cultural entre a protagonista e o descoñecido mundo occidental. Con esta obra gañou o **Leopardo de Ouro** á mellor longametraxe no Festival de Cinema de Locarno (2008).

### FICHA TÉCNICA

- Directora e guionista: **XIAOLU GUO**
- Reparto: Huang Lu, Bo Wei Yi, Geoffrey Hutchings, Chris Ryman
- Fotografía: Zillah Bowes
- Música: John Parish
- Ano: 2009 / País: Reino Unido / Duración: 98 min.



Sinala aqueles aspectos inasumibles nas condicións de partida da vida que levaba Li Mei na súa aldea:

Two empty green rectangular boxes for writing.

Describe unha das súas xornadas. Remataba o seu labor ao deixar os billares?

Two empty green rectangular boxes for writing.



Paréceche doado saír das garras dunha nai autoritaria e machista?

Two empty green rectangular boxes for writing.



Asistimos a crimes que non desaparecen das sociedades avanzadas. Que medidas legais e/ou penais podería tomar o goberno dun Estado para garantir a integridade dunha muller?

Seven empty green rectangular boxes for writing.





O primeiro mozo «fachendoso» que se cruza no seu camiño pareceche actual?

Cres que o rapaz encarna unha «dureza» que a sociedade só lles reserva aos homes?

Que pensas do comentario que lle fai sobre os gustos das mozas? (Lembrede a secuencia na que ela escolle un xeadó; el, no canto diso, prefire tabaco e dille: «só as tías comedes desas cousas»)

Salientarías algún parágrafo da canción que ambos os dous entoan no karaoke?

Paréceche que ela sente o que canta? Podería ser iso talvez produto das mensaxes sentimentais que a sociedade lles envía ás nenas, que medrarán seguindo esas «instrucións»?

E el?

Percibes que a sociedade exerce presión de maneiras variadas sobre as mulleres ata volvelas doces, submisas, sensibles, fráxiles...?

Dirías que Li Mei agarda por alguén especial?





**QUE PUNTUACIÓN LLE DÁS?**

0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

Asistimos a crimes que non desaparecen das sociedades avanzadas. Que medidas legais e/ou penais podería toma-lo goberno dun Estado, para garanti-la INTEGRIDADE DUNHA MULLER? Pregunta repetida, habería que eliminala

Na túa realidade, parécenche frecuentes as diferentes formas de violencia de xénero?


Li Mei muda de lugar. Reconstrúese e, malia non atopar un traballo digno, xorden novas persoas. Cravo é un home violento ata no modo de ganar a vida; porén, con ela, non. Na aventura que manteñen, vedes nela outra maneira de relacionarse cun home?

Li Mei descobre a paixón na persoa de Cravo, xa lonxe daquela inocencia, cando se vía na metáfora da cerdeira. Parece que «conectan»; non obstante, nunha breve conversa Cravo espétalle: «Que ten de malo o meu traballo! Son home. Ti es muller. Con sorrir, xa ganas pasta!» Pareceche unha crenza estendida por igual en todas as culturas e clases sociais?

Mudar de continente cambioulle a vida?

Que análise farías do final. Sitúas a Li Mei nun punto de non retorno? Percibíchela máis dona de si?


- Título orixinal: *Wendy and Lucy* / (UNIDADE DIDÁCTICA)
- Tema: **feminización da pobreza xuvenil**
- Año: **2008**
- Duración: **80 min**
- País: 🇺🇸 Estados Unidos
- Dirección: **Kelly Reichardt**
- Guión: **Kelly Reichardt**, Jonathan Raymond
- Música: Will Oldham
- Fotografía: Sam Levy
- Elenco: **Michelle Williams**, Will Patton, Will Oldham, John Robinson, Wally Dalton, Larry Fessenden, Brenna Beardsley, Ayana Berkshire, John Breen
- Produtora: Field Guide Films
- Xénero: Drama | Amizade. Cinema independente EUA
- Web oficial: <http://wendyandlucy.com>
- **2008**: Premio American Film Institute (AFI): Top 10 - Melloras películas do ano
- **2008**: Premio Festival de Xixón: sección oficial de longametraxes a competición
- **2008**: Premios Independent Spirit: 2 nominacións, incluíndo Mellor Longametraxe



«Outro exemplo do moi absorbente que pode ser un filme se o argumento non se interpón entre nós e a personaxe. (...) Puntuación: ★★★½ (sobre 4).»  
 Roger Ebert: *Chicago Sun-Times*

### Sinopse

Na compañía da súa cadela *Lucy*, Wendy quere mudarse a Alaska por mor dun esperanzador traballo nunha conserveira de peixe. Todo funciona ben ata que, ao cruzar o estado de Oregón, o seu vello Honda Accord dos oitenta se avaría. Os seus recursos económicos son tan limitados que rouba unha lata de comida para cans; isto terá consecuencias. Ás poucas horas, advirte que Lucy desapareceu. Wendy terá que recuperar a súa cadela e pagar a factura do taller. Os seus cartos e a súa autoestima irán esmorecendo.



Todas as persoas podemos ser Wendy nalgún punto das nosas vidas, ou sexa, **sen a sería** **posibilidade de «ser»** por razóns económicas. Verse nunha existencia mínima se só se ten «o que NON se ten»: nin fogar, nin traballo, nin cartos... Só a compañía dunha cálida cadelas e a firme determinación de saíren xuntas de aí. Ves posible esta circunstancia na vida de moitas persoas?

Seguramente non vos dea traballo pousar os ollos, deixándovos levar por tanta realidade: Wendy, valente e vulnerable, que nos abre a man sen darnos opción. Convértenos en confidentes e acompañantes polo fío dun camiño moi ao lonxe... Tiveches a sensación de meterte na súa situación?


6

Se che aconteceu isto, por que pensas que foi?

Cres compatible a sensibilidade e a seguridade?

A barra de pan, as moedas do parquímetro ou un paraugas apenas nos preocupan pola normalidade que nos producen. Muda o conto se non dispor diso asegura o drama de «todos os días».

E do moito que Wendy ten —tenrura, valor, ideas e decisión—, **nada lle vale para saír dunha vida mínima**: da pobreza, dun vehículo avariado e dunha vila de paso. E desaparece a súa cadelas...



Esta muller só semellará preto de si mesma: contra a parede ou en silencio. Queremos que nela sobreviva a necesidade de ilusionarse. Porén, cres que os gobernos aplican políticas sociais que apostan pola creación de **emprego para a mocidade?**

---

---

Ademais, comunmente sabemos da **fenda salarial** entre homes e mulleres, con beneficios a prol dos varóns. Por que sucede isto?

---

---

Que accións deberían defender as plataformas cidadás e as ONG para acadar a igualdade, polo de agora inexistente nas **sociedades androcéntricas?**

---

---

Paréceche que os Estados occidentais «realmente» **promoven a igualdade** entre xéneros, de xeito que a muller poida escenificar o seu valor alén do eido doméstico e do seu histórico papel de coidadora familiar?

---

---

Como muller: sénteste cuestionada pola sociedade no que atinxe ás túas ideas e calidades profesionais?

---

---

Sabías destas **bolsas de pobreza**, nun EUA dominante nos foros económicos internacionais?

---

---

O feito de non dispor de oportunidades produce en Wendy privación da súa liberdade: ela non decide «paralizarse». Quen é o responsable desta **violencia económica?**

---

---

Wendy, orfa de todo, pero con dignidade, é vítima do **austericio**. Aféctanos a inxustiza desta «aldea global» porque formamos parte dun planeta ben comunicado, mal repartido e cun patio de veciñanza pequeno, que non podemos ignorar.

Este filme achegoute a esta posición?

---

---